



*Manuel
Rodríguez López*

EMIGRANTE GALEGO
POETA OBREIRO



Cronobiografía



11/12/1934 Nace en Randulfe (San Miguel de Paradela, Lugo), fillo de Manuel Rodríguez Rodríguez e Consolación López López.

2/1/1935 Bautizo en San Miguel de Paradela polo crego Ramón Losada Varela, que non permite que sexa padriño o seu tío Marcelino López López por ser político progresista.

1936 Traslado de Manolo á casa da Cándida de San Pedro (Paradela) con motivo da emigración da súa nai a Barcelona e da incorporación a filas do seu pai.

1941 Emigración de Manolo a Barcelona cos seus pais cando contaba 6 anos.

1945 Nace a súa irmá Montse.

1945-46 Verifica a proba de ingreso no Instituto Nacional de Enseñanza Media Ausiàs March.

1946 Ingresa no Seminario Menor Diocesán de Santa María de Montalegre, de La Conrería, no municipio de Tiana (Barcelona).

1951 Ingresa no Seminario Maior Diocesán situado na rúa barcelonesa Diputación.

1952 Abandona a carreira sacerdotal.

1953 Nace a súa irmá Conchita. Entra a traballar nunha empresa metalúrxica de electrodomésticos chamada GUERIN. Entrou como ordenanza por non contar con título oficial.

1956 Coñece a Irene López Gómez (Santa Mariña de Adai, Páramo, Lugo), a súa futura dona.

1/3/1957 Entra a traballar na fábrica de motocicletas OSSA como Auxiliar Administrativo.

15/5/1957 Convalida os estudos de Humanidades e Filosofía, conqueridos nos dous Seminarios, polo título de Bacharelato Superior, concedido polo colexio de Ensino Medio Ausiàs March de Barcelona.

22/6/1962 Matrimonio con Irene López Gómez na igrexa de Santa María Mare de Deu del Coll (Barcelona).

2/6/1963 Nace en Barcelona o seu primeiro fillo, Enrique Rodríguez López.

2/6/1971 Nace en Barcelona o seu segundo fillo, Santiago Rodríguez López.

1979 Ascenso a Oficial de Primeira na empresa OSSA. A crise afecta á empresa OSSA, que padece problemas económicos e se acolle ao paro parcial.

1984 Peche da empresa OSSA, quedando Manolo no paro.

1985 Traslado da familia Rodríguez López a Lugo.

1989 Diagnose de cancro de vexiga extendido a un ril e operación no Hospital Clínico de Barcelona.

13/2/1990 Pasamento de Manolo na Residencia Sanitaria de Lugo a causa dun derrame cerebral.

14/2/1990 Enterro en Santa Mariña de Adai (Páramo, Lugo).


28/4/1995 Traslado dos seus restos mortais ao Panteón de Paradelenses Ilustres en San Miguel de Paradela, despois da aparición dun testamento hológrafo no que transmitía o seu desexo de ser soterrado en Paradela "Co rostro cara O Páramo, terra de nacemento da miña esposa e cara Catalunya, lugar onde residín durante longos anos".


**Manuel
Rodríguez López**
EMIGRANTE GALEGO
POETA OBREIRO


Imaxes da súa vida




Manolo cos seus pais Manuel e Consolación



Primeira Comunión de Manolo




Manuel Rodríguez de Seminarista en Tiana



Voda de Manuel Rodríguez López e Irene López Gómez o 22/6/1962 en Barcelona



Manolo e familia cos seus pais e sogros



Manuel Rodríguez López



Manolo e Irene en Castelfelers



A familia de Manolo: Irene, Enrique e Santi na súa casa de Barcelona





Con as súas irmás, Montse e Conchita


Manuel
Rodríguez López
EMIGRANTE GALEGO
POETA OBREIRO

Publicacións

Libros de Poesía



Libros de Prosa



Manuel Rodríguez López
 EMIGRANTE GALEGO
 POETA OBREIRO

Libros inéditos

Publicados todos eles en xornais e revistas

En Prosa

- HISTORIAS, CONTOS E XENTES DE PARADELA
- VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA *Peza teatral*
- O PÁRAMO *Historia e crónicas do Páramo*
- VACACIÓNS EN GALICIA: VIVIR GALICIA
Abondosas reportaxes de diferentes lugares de Galicia
- LUGUESES *Biografías de personaxes lucenses*
- SEMBLANZAS DE GALEGOS ILUSTRES
Castelao, Villar Ponte, Cabanillas, Celso Emilio, Lago González, López Ferreiro, etc...



Colaboracións

Libros Colectivos

- HOMAXE Ó CHÉ (1970) *La Habana, Cuba*
- A NOSA TERRA (de "Libro de Oro" no centenario de Ramón Cabanillas) *Vigo, 3-6-1976.*
- HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO (1976) *Arealonguiña, Akal editor. Madrid.*
- GALICIA NO ANO 1979, editado en Vigo.
- JOSE M^a ACUÑA, publicado polas Deputacións de Pontevedra e A Coruña (1983).
- OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE (1986) Edición do Excelentísimo Concello de Lugo.
- VOCES POÉTICAS (1987) Ed. Seuba, Barcelona.
- PARADELA Y SU CONCELLO, por Víctor L. Villarabid. Ed. Everest (1990).
- ULTREIA. POESIA. PINTURA *Excma. Deputación Provincial de Lugo (1993).*
- POETAS EN LUGO *Concello de Lugo, Concellería de Cultura e Turismo. Recolleita e traducións de Darío Xohán Cabana (2007).*

Xornais

Publicou centos de artigos, sendo habitual colaborador de:

- EL PROGRESO *de Lugo*
- LA HOJA DEL LUNES *de Lugo*
- CORREO DE GALICIA, NÓS e ALBORADA *de Bos Aires*
- EL IDEAL GALLEGO *de A Coruña*
- Correspondente en Barcelona *dende o 12-6-1980 ata 1985*
- FARO DE VIGO *Correspondente en Barcelona dende marzo de 1983 ata 1986*
- LA VOZ DE GALICIA
- PRAZA MAIOR *do Concello de Lugo*

Así mesmo, colaborou esporadicamente en:

- EL CORREO GALLEGO
- A NOSA TERRA
- DIARIO DE PONTEVEDRA
- VANGUARDIA OBRERA

Revistas

- ALBORADA, BOLETÍN e TREBOADA *do Centro Galego de Barcelona*
- COORDENADAS *de Santiago de Compostela*
- FOLLAS NOVAS *da A. C. Rosalía de Castro de Cornellà*
- XERMOLOS *da A. C. Xermolos de Guitiriz*
- DORNA, *expresión poética galega*
- LUCUS, *boletín informativo da Excma. Deputación de Lugo.*


**Manuel
Rodríguez López**
EMIGRANTE GALEGO
POETA OBREIRO


Premios

- 1º premio "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria 1976 e 1980.
1º premio do Concello de Vilalba 1977.
2º premio -prosa- "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria 1977.
2º premio -prosa- do Centro Galego de Vizcaya en Baracaldo 1978.
3º premio do III Concurso Poético de Begonte 1980.
Accésit e Diploma de Honor do Concurso Literario Nacional de Gastronomía, Lugo 1980.
1º premio -prosa- "NÓS" de Barcelona 1980.
2º premio "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria 1983.
3º Premio -Mención Honorífica- "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria 1984.
1º premio do Certame Literario "PREMIO BEGONTE DE POESÍA" 1985.
Finalista dos "PREMIOS GALICIA DE XORNALISMO", na sección de "REPORTAXE", nas convocatorias de 1985 e 1987.
2º premio -prosa- "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria 1986.
2º premio no XIII Certame Xornalístico "BEGONTE Y LA NAVIDAD" 1989.

Condecoracións

- Fillo predilecto do Concello de Paradela a título póstumo 1990.
Lucense do Ano 1989 a título póstumo 1990.
Inauguración da casa de cultura "Manuel Rodríguez López". Paradela, 4-11-1990.
Inauguración do novo centro sociocultural "Manuel Rodríguez López". Paradela, 30-9-2001.
Creación do concurso de narrativa e poesía "Premio Literario Manuel Oreste Rodríguez López" polo Concello de Paradela (Lugo). Primeira edición celebrada no ano 1995.

Homenaxes

- Homenaxe de "Os Valuros", no teleclub de Castro de Rei (Lugo) 1979.
Placa homenaxe da Peña Castelldefels 1980.
Medalla conmemorativa do I Festival-Certame de Música Galega de Barcelona 27-6-1981.
"Vieira de Prata", co gallo do Pregón pronunciado en Baralla (Lugo) 26-8-1981.
Placa "Agradecimiento por su colaboración" no Día do Mexillón, Barcelona 1982.
Placa da escola de gaitas e danzas "Saudade" 24-10-1983.
Insignia da Xunta de Galicia, entregada polo Conselleiro de Turismo Festa da Cociña Galega 1983.
Cea-Homenaxe en Rubí.
Homenaxe do Centro Galego aos escritores galegos de Barcelona Marzo 1983.
Homenaxe e Placa en Mollet del Vallès 1-2-1986.
Homenaxe póstuma en R. M. Radio, por Manuel Fernando e Alfredo González 24-2-1990.
Homenaxe póstuma en Paradela 4-11-1990.
Homenaxe póstuma da Agrupación O PENEDO-FOGAR GALEGO en Adai 14-8-1991.



Manuel
Rodríguez López
EMIGRANTE GALEGO
POETA OBREIRO

Prensa



Entrevista con el autor de *Sube no para cataluña*



ORI entrevista a Gonzalo Torrente Ballester



Tomando notes para un libro de notas sobre el Galego en Catalunya




Manuel Rodríguez López
 EMIGRANTE GALEGO
 POETA OBREIRO


Poemas musicados

- Leva os aforros pró banco

Musicado e cantado por XERARDO MOSCOSO, no L.P. "ACCIÓN GALEGA"
producción de EMI-ODEÓN S.A. Barcelona 1977

- Que ten o meniño e Vestida de aldraxe

Musicados e cantados por SUSO VAAMONDE, publicados no L.P. "NIN ROSMAR UN LAÍDO",
producción Movieplay Serie Xeira-(P) 1977

- Negareime e Os labregos

Musicados e cantados por SUSO VAAMONDE, publicados no L.P. "LIMIAR", editado por Dial
Discos, S.A. Madrid-1979

- Musicados e interpretados pola cantautora Mary C. Otero Rolle: Como unha follia seca, Que ten o meniño, O Muíño da Fervedoira Galicia é Paisaxe, Qué Ferosa a Miña Terra, etc.

- Musicados e interpretados polo cantautor galego Alfredo González Vilela CD: "LUCUS"

Enlace gratis CD www.jamendo.com/es/album/57157?refuid=586564
Publicado o 18-12-2009 por Discográfica JAMENDO, (Bruxelas)

O milagro

O cruceiro

Home gastado

O probe

O cantar do burgues

Cismando

Cantiga ao carballo

Escarnio do mar

A coroa que esmaga

<http://www.jamendo.com/es/track/487233>

<http://www.jamendo.com/es/track/487247>

<http://www.jamendo.com/es/track/487252>

<http://www.jamendo.com/es/track/487255>

<http://www.jamendo.com/es/track/487258>

<http://www.jamendo.com/es/track/487261>

<http://www.jamendo.com/es/track/487262>

<http://www.jamendo.com/es/track/487264>

<http://www.jamendo.com/es/track/487266>

VIDEOCLIPS CON FONDO MUSICAL

O milagro

O cruceiro

Escarnio do mar

Cantiga o carballo

<http://www.youtube.com/watch?v=USJi3xhKSHQ>

<http://www.youtube.com/watch?v=UcBzvQzEnbl>

http://www.youtube.com/watch?v=aW_6MuslxQ4

<http://www.youtube.com/watch?v=zQUTzLQygw0>

Poemas dedicados a MRL

Manuel 30-11-2011

Ao poeta Manuel Rodríguez López

Vira a herba, vira a rosa;
vira a arboriña san nome.
Viro o loureiro secreto,
Vira Andreade e a mimosa.
Vira o Camiño da Costa,
Vira o sino do silencio.
Vira, nun mirar, o tempo.
Vira a lúa, vira o vento.
Vira todo o firmamento.
Para air o teu cantar!
Vira o serán descoado.
Vira o aire entremetido.
Vira a tarde nun suspiro.
Vira as augas do río,
Vira se, en moxura, o frío.
Vira a brisa nun virar.
Vira se as follas no outono,
vira se os carballos longos
ao ritmo do teu cantar.
Vira os amendeiros.
Vira o desfeito caneiro.
Vira se os terróns dos prados.
Vira, por turno, os salgueiros.
Vira, vermellos, os sargos.
No teu cadencial cantar
vai Paradela en tenrura
abrazada a trinta pelgos
de doncel doce frescura.
Ao compás do teu cantar
vira se O Miño, en verdura,
co deslíz de lodo e ferro,
co adozo da treixadura.
Por escoitar teu cantar
vira se o tempo do tempo...
Quixera verte un momento,
para verte, nun mirar.
Estás na vereza alí!
Na senda da tua aurora!
Eu trato de me ir contigo
no teu camiño de volta,
co corazón a deshora
e sangue que me convocai.

Marcial González Vigo
Accésil de Poesía na XVII Edición do
Certame Manuel Oreste de Paradela

NA AGRADECIDA LEMBRANZA

¡Abondarán as palabras!
amigo, para dicirche
-hoxe
novamente entalados
nas mesmas dores
numerosas de neutrorra-
que che debo una anaco
do amor á Terra profesada
e agradecercho non sei.
¡Se abondaran as palabras!
Antigome nomaís un pouco
e recupero,
do cofre das lembranzas,
a túa voz, xa na Patria,
sosegada e correndo espida
entre os ventos ventureros
que espallan os outonos.
Abondarán as palabras,
vello amigo,
¡-se as palabras abondaran!

Baldemero Iglesias Dobarrío (MERO)
(na lembranza de Manuel Rodríguez López)





MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

In memoriam

Manolo, irmán,
que nos deixaches
as tus poemas,
a túa verba,
a túa man.
Xa escrito en pedra
debería estar,
aquele teu libro,
aqueles versos,
sempre tan fondos,
sempre tan tenros
e musicais,
que cando lemos
brinca na alma
algo moi ledo.
¡As pernas tolas
queren ruada,
queren bailar!
¡E a túa prosa
tan ben coitada,
co termo exacto,
palabra clara,
sempre unha imaxe
daquela crónica.
¡A inocencia do pobo chan,
a retanca daquela xente,
xente de aídos,
do que é un pobo,
do que é a Patria,
Patria Galega,
asoballada polos cacliques
que sempre perto
dos gananciales, pagan soldada.
"Soldada Mínima"
de hos abreiros
que somos todos
os que vivimos no "Gran Bulleiro",
na gran cidade,
na emigración.

Alfredo González Vilela



Manuel
Rodríguez López
EMIGRANTE GALEGO
POETA OBREIRO

Opinións sobre Manolo



XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Nas comunidades que axuntan ós fillos na diáspora atópanse sempre persoeiros que levan a elas e manteñen acesa a lumieira do espírito e que aportan, en troque, á Terra o mellor de canto lonxe dela poideron enxergar. Este é, entre tantos, o caso de Manuel Rodríguez López, afervoador cronista da actividade dos galegos en Catalunya e mensaxeiro aló do noso vivir."

XESÚS ALONSO MONTERO

Este que tendes nestas páxinas é Manuel Rodríguez López de corpo enteiro: co seu amor á aldea, coa súa inxenuidade (grata e non pouca), co seu estupendo dominio do galego das terras de Sarria, coa súa visión elemental (e sincera) dos feitos, coa súa sinxela e grande capacidade comunicativa...

BASILIO LOSADA CASTRO

Foi animador constante da vida cultural galega en Barcelona, mestre de tantos no exercicio da galegüidade, excelente poeta e narrador e, por riba de todo, un galego dos "bós e xenerosos". Todos cantos fomos os seus amigos gardamos del a mellor lembranza, como home, como intelectual, como escritor, como amigo.

DARÍO XOHÁN CABANA

A Manuel Rodríguez López e a min xuntounos unha vez o Méndez Ferrín no seu luminoso libro DE PONDAL A NOVONEYRA: nós somos, segundo o mestre, dous dos poetas galegos modernos do suburbio e da fábrica. Quizabes foi eso o primeiro que me uniu co Manolo, pero despois viñeron moitas cousas máis. Nos seus derradeiros anos - ¡quen podía pensar daquela que o eran! -, Manuel Rodríguez honroume moito a míudo coa súa conversa, e eu honreime coa súa amizade, gocei da súa sinxela bondade, asombreime a reo coa súa inocencia. Esa inocencia convertíao nun home un pouco desamparado, exposto ós comenenciudos e ós aproveitados que percorren triunfantes os camiños da vida. El tiña unha relixión, a da poesía e a cultura nacional. O nacionalismo de Manuel Rodríguez alimentábase da lingua, da historia e das tradicións, e tamén na paisaxe.

XOSÉ MANUEL MATO DÍAZ ALCALDE DE PARADELA

Manuel Rodríguez vive para sempre entre nós, pois acadou a inmortalidade co seu labor. E gracias ás súas inxedanzas e recollendo a súa testemuña, é posible continuar co seu ideario, permitíndonos a nós, responsables do Goberno municipal, desenvolver un labor de apoio ó feito cultural da nosa terra, á vez que concede a oportunidade de facelo a todos aqueles que como Manuel Rodríguez, teñen a grandeza de ser mestres da sociedade e gozan da sensibilidade necesaria para espertar a espiritualidade de cada quén, convertíndoa na alma do pobo, que é a súa cultura.

XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN

Os grandes temas deste autor son dous: a evocación do pasado, da infancia e da aldea (tema común con Celso Emilio Ferreiro, Díaz Castro e outros poetas menores), e a diatriba contra a cidade, o capitalismo e a explotación do proletario. Poesía, pois, obreiro-campesina fundamentalmente sentida, interéranos máis polo que ten do primeiro cá do segundo elemento. En efecto, os escritores social-realistas galegos -entre os que mantén un lugar importante este autor- en xeral non se teñen ocupado demasiado da vida e temas proletarios.

RAMÓN PIÑEIRO

O seu mundo está dominado por unha nota nostálgico-evocativa da matría, da infancia e da adolescencia, unha nota ético-condenatoria da inxusticia social que rexe na súa vida -esprotación do traballo, condena emigratoria, despotismo cínico dos privilexiados, etc., e máis unha nota de noxo e refugamento da escravitude corruptora que se acobilla na urbe supercivilizada. Todas elas redúcense a unha: a afirmación da dignidade do home.

OLEGARIO SOTELO BLANCO

Manolo era o compañeiro que sabías non che había fallar nunca e que sempre sabía estar no seu posto. O seu posto non era outro có de avivecedor da vida galega en tódolos eidos. A súa ausencia vaise notar precisamente porque nos vén demostrar o moito que fixo este home dende posicións repregadas e sen ningún afán de notoriedade.

XESÚS MATO

O poeta de Paradelas (Lugo), Manuel Oreste Rodríguez López (1934/1990) pertence á caste e cerne dos que, ao través da longa e fermosa historia de Galiza, se decidiron a amar, a fondo perdido, á súa Terra/Mai e á súa Xente sinxela, traballadora e, demasiadas veces, tamén marxinal. Por dereito propio, Manolo ascendeu ó parnaso dos elixidos, dos que souberon estar á escoita constante das ilusións, alegrías e angustias do seu Pobo e acertaron co xeito de ollar e de amosar os camiños que levan á liberdade e á paz, sendo quen de manter forte e firme a esperanza. Coas armas pacíficas da poesía e da vida!

XULIO XIZ RAMIL

Lembrei sempre de Manolo a súa amizade, e a súa ilusión. Ilusión pola que viaxou por toda Galicia con Fole e con Benxamín Andrade para que o vello e xenial escritor recorrese o país. Preocupouse sempre polos demais, nunca por si mesmo. Descansa en paz, Manolo, amigo, bo home, xeneroso, galego de honra... Excelentísimo...verdadeiramente Excelentísimo e Señor.


**Manuel
Rodríguez López**
EMIGRANTE GALEGO
POETA OBREIRO




Emigrante

Manuel Rodríguez López foi un emigrante galego que con tan só seis anos emigrou cos seus pais a Barcelona, onde viviu a maior parte da súa vida. En 1985 regresou a Galicia para afincarse en Lugo.

Durante os longos anos de emigración en terras catalás, non perdeu nunca a súa identidade galega. Iso quedou reflectido na súa produción literaria que inclúe poesía, prosa e tradución. A aportación de Manuel Rodríguez López en relación aos galegos na diáspora catalá foi fundamental durante os anos da transición. Como Cronista Oficial do Centro Galego de Barcelona e como correspondente en Barcelona de diversos xornais galegos, plasmou en gran cantidade de artigos os actos culturais e sociais dos emigrantes galegos e colaborou decisivamente a unir a cultura galega e catalana.

Os libros "Galegos en Catalunya 1978-1982" e "Galegos en Catalunya 2" recollen a maior parte desas crónicas. Os presidentes da Xunta de Galicia e da Generalitat de Catalunya asistiron a presentacións dos libros en torno ós Galegos en Catalunya.



Manuel Rodríguez López, emigrante galego en Catalunya



Cos Presidentes da Xunta de Galicia e da Generalitat de Catalunya no Panteón de Galegos Ilustres.



Manuel Rodríguez tomando notas na inauguración da biblioteca do Centro Galego de Barcelona



Presentación dun libro de MRL en presenza de Jordi Pujol



Presentación de Galegos en Catalunya-2 de MRL no Palau da Generalitat de Barcelona



Con Olegario Sotelo Blanco e Basilio Losada en Barcelona





Manuel Rodríguez López, traductor de "L'Atlántida" al gallego



CENTRO GALEGO DE BARCELONA
Ronda Capuchinos, 35-37, 1ª planta
T. 301 28 92 - 302 01 85
DIRECTIVO
D. Manuel Rodríguez López
Socio nº 220 20 de Abril de 1985



Nunha cea de irmandade en Barcelona



Presentación do libro Soldada Mínima en Barcelona



Manuel Rodríguez López
EMIGRANTE GALEGO
POETA OBREIRO

Paradela



ESTORIAS DO CRUCEIRO

(MRL, Saudade no Bulleiro 1970)

*Vello amigo da miña mocidade,
Cruceiro forte e rexo no camiño,
de cal fontenla as augas ou qué viño
bebes que azos che dá de eternidade?*

*Nómada sempre, dende corta idade
gastei as forzas, contra o meu destino,
sen agarimo, sen amor, sen niño,
loitando no arrabaldo da cidade.*

*Pra acollerme ós teus brazos sempre abertos,
fuxín daqueles lóbregos desertos.
Torno vello, fendido do traballo,
ermo na ialma, feito un espantallo.
-E pois, de mozo, nada che dei, morto
serei fiz, feito estrume do teu horto.*




PARADELA

(MRL, Poemas Populares Galegos 1968)

*Festas de San Miguel e das Delores,
campás da igrexa, ledas ou tristesiras,
camiños dondos, corgas costaneiras,
noites de luar, no vrao, longos solpores.*

*Namela onde collía brancas frores,
noces, figos, amoras das silveiras,
terra de mozas, ledas, cantareiras,
que tes que mórrome de mal de amores?*

*Terra que vai dende o Toural ó Loio,
veiga onde nacín, doce, verde cunca,
camiño do romeiro a Compostela.
Polo mundo emigrante, triste, soio,
estarei lonxe, pro... esquecerse nunca!
Patria dos meus antergos, Paradela!*



Manuel
Rodríguez López
EMIGRANTE GALEGO
POETA OBREIRO

Certame Literario de Paradela




Julio Niz presentando o acto de entrega dos premios de Paradela. Público na cerimonia de entrega dos premios Manuel Oreste. Presidente e público no certame paradelense. Público no Centro Socio-Cultural MRL nos premios de Paradela. Niños do colexio de Paradela na entrega dos premios MRL. Actuación ao violín de Carlos, neto de MRL, na cerimonia de entrega.



Paradela acogió ayer una gala literaria y la segunda feria infantil. Certamen afianzado. Paradela entregó el premio Manuel Oreste.

XVIII EDICIÓN CERTAME LITERARIO MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ MODALIDADE: NARRATIVA E POESÍA
Bases

PREMIO DESTACADO: O premio de Destacado será o mellor dos traballos premiados en cada modalidade. O premio de Destacado será o mellor dos traballos premiados en cada modalidade. O premio de Destacado será o mellor dos traballos premiados en cada modalidade.



Poesía Autores premiados no certame

Premio	Accésit	Mención de Honra
1ª Edición Agustín Hermida Castro		
2ª Edición Modesto Fraga Moure	Roberto X. Traba Velaz	
3ª Edición Antonio Esteban González Alonso	José Ricardo Vélez Vázquez	
4ª Edición Roberto X. Traba Velaz		
5ª Edición Baldomero Iglesias Dobarto	Unai González Suárez	
6ª Edición Manuel Terán Benavides	Baldomero Iglesias Dobarto	
7ª Edición Simón Iglesias Posse	Salvador Moreno Pérez Eitibalz Espinosa Río	
8ª Edición Salvador Moreno Pérez (*) Alexandre Nerum (*)	Francisco Piñeiro González	
9ª Edición María Goretti Fariña Caamaño	Manuel Luque Tapia María Rey Torrente	
10ª Edición María Teresa Núñez González	Amadeo Cobas Unai González Suárez	
11ª Edición Restituto Núñez Cobos	Juan Lorenzo Colado Gómez Alba Cid Fernández Isabel Oliver González	
12ª Edición Carmen Caramés Gorgal	Alfredo Macías Macías Manuel Luque Tapia	
13ª Edición Feliciano Ramos Navarro	José M. López Calo Cristalina López Rodríguez	
14ª Edición Alba Cid Fernández	Sara Castellar Lora Mª Isabel Gómez Anjo	
15ª Edición Emma Pedreira	Manuel García Díaz Priado Rosa Piñeiro Fariña	
16ª Edición Beatriz Lorenzo	José María Calo Pablo Núñez González Marçal González Vigo	
17ª Edición José Antonio Repetto González	Xosé Otero Camilo Marçal González Vigo	Margarita Souvón López Yolvi López
18ª Edición Ramón Sandoval Pérez	Luis García Pérez Jacobo Llamas Martínez	Xosé Otero Camilo José Gabriel Rodríguez Ambrosio

(*) Primeiro Premio compartido

Narrativa Autores premiados no certame

Premio	Accésit	Mención de Honra
1ª Edición Beatriz Piñeiro Calvo		
2ª Edición Marco V. Lama del Corral	Serchu Sende	
3ª Edición Xabier Castro García	Rosa Aneiros Díaz Pedro Riello Lamela	
4ª Edición Beatriz Piñeiro Calvo		
5ª Edición Jaime Navera Pedreira		
6ª Edición Francisco Calo Louido	Pedro Urts Escotano	
7ª Edición Xosé Nicanor Alonzo Alvarez	Xaime Navera Pedreira	
8ª Edición Xaime Domínguez Toxo	Xoán Xosé García López	
9ª Edición Francisco Piñeiro González	Vicente Javier García Gómez Andrés Albueme de Frutos	
10ª Edición Francisco Piñeiro González	Julio Romero Suárez María Teresa López de la Fuente Domingo A. Martínez Martín	
11ª Edición Francisco Rozados Rivas	Juan Lorenzo Colado Gómez Francisco Piñeiro González	
12ª Edición Rafael Laso Lorenzo	Francisco Piñeiro González Iván García Campos	
13ª Edición Moisés Alvarez Jorge	Carmen Cuevas Crespo Julio Romero Suárez	
14ª Edición Alberto Rodríguez Díaz	Juan José Ruiz Moñino Isabel Julián Quiroga	
15ª Edición Pepe Pol	Noa María Carballa Rivas Mercedes Blanco Iglesias	
16ª Edición Xosé Manuel Dopazo Meila	Clara Isabel Rodríguez Giráldez Francisco Rozados Rivas	
17ª Edición Erick Hernández Mora	Peppe Pol Xaime Domínguez Toxo	Sofía Rodríguez Suárez Marcos Díaz Almeida
18ª Edición Manrique Fernández Vázquez	Xosé Farruco Graña Rima José Luis Hernández Garvi	José Ángel Corral Suárez Antonio Garriga Jiménez

Manuel Rodríguez López
 EMIGRANTE GALEGO
 POETA OBREIRO

En Internet



Wikipedia



Youtube



GaliciaDigital (Galegos e Opinión)



Biblioteca Virtual Galega



Outros



Manuel Rodríguez López
EMIGRANTE GALEGO
POETA OBREIRO



www.manuelrodriguezlopez.org

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

Emigrante Galego. Poeta Obreiro

galego
castellano
catalá
english

Buscar

[Inicio](#) [Manolo Rodríguez](#) [Amigos](#) [Certame Literario](#) [Multimedia](#) [Ligazóns](#) [Contacto](#)



Estas páxinas pretenden difundir a obra de Manuel Rodríguez López, emigrante galego e poeta obreiro. Fillo predilecto de Paradela, home bo e xeneroso.

BIOGRAFÍA



OBRA



PREMIOS



OPINIÓNS



CERTAME



MULTIMEDIA



A máis completa compilación sobre Manuel Oreste Rodríguez López.

Máis de 5 Gb de información en galego, castelán, catalán e inglés.

Na Rede desde decembro de 2012.

400 Fotografías.

220 Vídeos.

300 Recortes de prensa.

115 Audios.



*Manuel
Rodríguez López*
EMIGRANTE GALEGO
POETA OBREIRO



Caricatura de Alfonso Costa Beiro

GALICIA DIGITAL

Portal de Galicia



**CONCELLO DE
PARADELA**



**XUNTA
DE GALICIA**



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Concello de Lugo



*Comisario da exposición: Santiago Rodríguez López
Deseño, maquetación e impresión: Deseño
Supervisión lingüística: Carmen Rodríguez Soto*